

# REGULAMENTO

**Denominación da proba:** V Cronoescalada a Mesego Termas de Cuntis.

**Data:** 10/09/2023

**Horario de saída:** 10.00

**Lugar de celebración:** Cuntis (Pontevedra).

**Lugar de saída:** Pavillón municipal dos deportes de Cuntis (Pontevedra).

**Lugar de Meta:** Alto do Folgoso en Mesego.

**Club organizador:** CdM Xesteiras, con domicilio social en Trasponte, 12 ; 36370 Cuntis (Pontevedra) e CIF:G94056298.

## ORGANIZACIÓN.

1- Baixo a denominación V Cronoescalada a Mesego Termas de Cuntis, a entidade arriba reflexada organiza a presente proba coas autorizacións pertinentes e contratacións do servizo de ambulancia e seguros para o desenvolvemento do evento.

2.- Tramitarase unha póliza de seguro de accidentes para este evento.

3.- A saída será ás 10.00 h do día 10/09/2023 nas inmediacións do pavillón municipal dos deportes de Cuntis (Pontevedra), situado na Rúa da Palma. A chegada estará situada no alto do Folgoso - Mesego.

4. O recorrido ten unha lonxitude de 6 Km con un desnivel acumulado de 380 metros, aproximadamente.

## PARTICIPANTES.

1. O número máximo de participantes está limitado a 150 persoas.

2. As inscricións realizaranse on-line na plataforma [www.sportmaniacs.com](http://www.sportmaniacs.com) a partir do día 30 de agosto de 2023, pechando as inscricións on-line 48 horas antes do evento. Así mesmo, o período de inscrición cerrárase unha vez acadado o número máximo de participantes. Con posterioridade a este prazo non se admitirán inscricións. No caso de existir algunha incidencia na tramitación das inscricións, comuníqueo a: [cdmxesteiras@gmail.com](mailto:cdmxesteiras@gmail.com)

3. A inscrición é gratuíta.

4. As saídas daranse de un en un con 1' de diferenza de marxe entre corredores. A orde das saídas será determinado por orde de inscrición (os primeiros en inscribirse serán os primeiros en tomar a saída).

6. Toda persoa, ao realizar a inscrición na proba, declara:

Coñecer e ter lido o Regulamento da proba aceptando e someténdose formalmente ao dito Regulamento e ás indicacións da organización e, en especial, ás decisións que tomen os organizadores da proba.

Coñecer a dureza da proba e estar preparado tanto física como psiquicamente para a realización da proba, e non padecer lesión algunha que poida agravarse como

consecuencia da realización da proba, eximindo á organización de calquera responsabilidade derivada de todo o anterior.

Autorizar aos servizos médicos da proba a que practiquen calquera cura ou proba diagnóstica que puidera necesitar estando o non en condicións de solicitala; ante os seus requirimentos comprométese a abandonar a proba si o estiman necesario para a súa saúde.

Levar obrigatoriamente posto, en todo momento, o casco.

Participar voluntariamente e baixo a súa responsabilidade na proba, polo que exime tanto á organización, colaboradores e patrocinadores, como a calquera outro participante por calquera dano físico ou material que puidera sufrir e, polo tanto, renuncia a poñer calquera tipo de demanda ou denuncia contra os mesmos.

Que o dorsal é persoal e intransferible e que non poderá levalo outra persoa nin participante no seu lugar. Comprométese a respectar o recorrido polo que discorre a proba, a non danar o entorno e a non arroxar basura en ningún punto do mesmo, asumindo a súa descalificación no caso contrario.

7. Todos os participantes que se inscriban, aceptan e se someten formalmente ao presente regulamento da proba e ás indicacións da organización.

## **RETIRADA DE DORSAIS**

1. Todos/as os/as participantes que formalizarana súa inscrición deberán retirar o seu dorsal o mesmo día da proba nas inmediacións do pavillón de deportes (Rúa A Palma, 2) desde as 9:00 h. e ata as 9.50 h; debendo presentar a seguinte autorización se forao caso:

ANEXO II: AUTORIZACIÓN PATERNA debidamente cumprimentada. (participante menor de idade).

2. Todo participante deberán de estar 5 minutos antes de súa saída na zona habilitada para elo.

## **O RECORRIDO**

1. As/Os corredores comezarán a tomar a saída de forma individual e segundo a orde de listado, en intervalos de 1´.

2. Todos/as os/as participantes deberán levar o dorsal de forma visible no frontal da bicicleta.

3. O recorrido estará pechado ao tráfico e convenientemente sinalizado indicando especialmente os puntos que poidan significar un perigo engadido para os/as participantes, tanto con persoal da organización, como con cinta de balizar e marcas na carretera.

4. O tramo que dirixe ao participante de novo á zona de concentración estará neutralizado e aberto ao tráfico, polo que será de vital importancia respectar o código de circulación vial.

5. A organización disporá dun único punto de avituallamento na meta con sólidos e líquidos.

6. As/Os participantes que non estean na liña de saída no horario indicado no listado, deberán de tomar a saída cando a organización o estime oportuno. Para estes participantes tomarase como referencia a hora de saída indicada no listado.

7. Está totalmente prohibido entrar con vehículos dentro do recorrido que non sexan da organización.

8. Está totalmente prohibido baixar polo recorrido da proba.

9. A organización disporá, durante etranscurso da proba de asistencia sanitaria, vehículos e persoal de apoio.

## **CATEGORÍAS Y PREMIOS**

1. Establécense as seguintes categorías: (masculina e feminina):

Junior: (De 16 a 18 anos).

Élite/Sub 23: (De 19 a 29 anos).

Master 30: (De 30 a 39 anos).

Master 40: (De 40 a 49 anos).

Master 50: (De 50 a 59 anos).

Master 60: (De 60 a .... anos).

2. Entregaráselle un regalo aos tres primeiros clasificados de cada categoría.

3. A entrega de regalos aos/ás tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría terá lugar unha vez rematada a proba na zona de meta. (En función do número de participantes poderase modificar o horario).

## **DERECHO DE MODIFICACIÓN E ACEPTACIÓN**

1. A organización reservase o dereito de modificar o presente regulamento, así como alteralo, rectificalo ou ampliálo cando as causas así o xustifiquen.

2. A inscrición na proba conleva o feito de aceptar na súa totalidade este regulamento.

3. Coa aceptación do presente regulamento, o/a participante autoriza á organización dando o seu consentimento para que a súa imaxe poida ser utilizada con motivo da promoción e difusión da proba, (prensa, Internet, carteis, etc.). Así mesmo cede todos os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar, sen dereito pola súa parte a recibir compensación económica algunha.

**PROTECCIÓN DE DATOS.** A organización garante o cumprimento íntegro da normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, polo tanto, de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, todo participante, ao formalizar a súa inscrición, presta o seu consentimento á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados do CdM Xesteiras e a súa utilización en relación coas xestións administrativas e comerciais do mesmo, tales como o envío de información referente a xestións ou servicios que puidera comercializar. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación cancelación e oposición nos termos previstos na citada lei mediante escrito dirixido ao e-mail: [cdmxesteiras@gmail.com](mailto:cdmxesteiras@gmail.com)



ANEXO II: AUTORIZACIÓN DA NAI/ PAI OU TITOR/A

Dona./D. \_\_\_\_\_ con DNI número  
\_\_\_\_\_,nai, pai ou titor/a legal de  
\_\_\_\_\_ con DNI número  
\_\_\_\_\_ con dorsal asignado na Cronoescalada a Mesego Termas  
de Cuntis nº:\_\_\_\_\_.

AUTORIZOA: \_\_\_\_\_ con  
DNI:\_\_\_\_\_ a que participe na Cronoescala A Mesego –  
Termas de Cuntis que se celebrará en Cuntis o día 10 de setembro de 2023.

Cuntis, 10 de setembro de 2023

Sinatura do autorizante

Sinatura do autorizado